

**Nalgunhas preguntas as respostas son abertas, por tanto, as respostas dadas son orientativas:**

1. Relaciona mediante frechas as tres columnas.

A febre		é un hábito saudable		no cal nos sentimos ben.
A gripe		é un estado de benestar		producida por un virus.
Comer froita		é unha enfermidade		dunha enfermidade infecciosa.
A saúde		é un síntoma		relacionado coa dieta.


2. Escribe correctamente as seguintes oracións.

- O tétano é unha enfermidade infecciosa que pode contaxiarse dunha persoa a outra.  
...**O tétano é unha enfermidade infecciosa que non se contaxia** dunha persoa a outra.
- A bronquite é unha infección dixestiva causada por unha bacteria.  
...**A bronquite é unha infección respiratoria** causada por unha bacteria..
- Deitarse tarde para durmir as horas suficientes é un hábito saudable.  
...**Deitarse cedo** para durmir as horas suficientes é un hábito saudable.

3. Explica que é o pé de atleta e como pode contraerse. É unha enfermidade contaxiosa?

**O pé de atleta é unha infección producida por fungos que pode contraerse por contaxio, por exemplo ao camiñar descalzo por vestiarios ou piscinas.**

4. Relaciona cada debuxo coa explicación correspondente.



- \_\_C\_\_ Vía de entrada de microorganismos.
- \_\_A\_\_ Prepara o corpo para evitar unha posible infección.
- \_\_D\_\_ É un microorganismo patóxico unicelular.
- \_\_B\_\_ É un hábito saudable.

5. Define resumidamente que é unha vacina.

**Unha vacina consiste en inxectar no organismo os axentes patóxicos causantes dunha infección, mortos ou inactivos. O corpo recoñéceo como algo estraño e produce entón unhas substancias que defenden o organismo contra ese axente patóxico e, se chega a aparecer a infección, o corpo pode superala rapidamente sen chegar a enfermarse.**

**Nalgunhas preguntas as respostas son abertas, por tanto, as respostas dadas son orientativas:**

1. Escribe no teu caderno un hábito saudable relacionado con cada un dos seguintes conceptos.

- Almorzo: .....**Alimentarse ben todas as mañás para ter enerxía.**
- Hixiene: .....**Lavar as mans antes de manipular alimentos e de comer.**
- Sono: .....**Durmir as horas necesarias, deitarse cedo e non trasnoitar.**
- Exercicio físico: .....**Facer deporte con regularidade.**

2. Sinala cun X as características que corresponden co debuxo deste ser vivo causante de enfermidades infecciosas e di se se trata dun virus ou dunha bacteria.



- a) Organismo unicelular.
- b) Organismo pluricelular.
- c) Microorganismo patóxico.
- d) Depende de células vivas.

.....**É unha bacteria**.....

3. Responde brevemente as seguintes preguntas.

a) Con que medicamentos se poden combater as enfermidades producidas por bacterias?

**As enfermidades producidas por bacterias combátense con antibióticos.**

b) Que función teñen os medicamentos que receita o médico cando temos unha enfermidade causada por un virus?

**Se a enfermidade está causada por virus, os medicamentos recéitanse para combater os síntomas, como a febre, o malestar ou a dor.**

4. Completa as seguintes oracións.

As enfermidades **infecciosas** están producidas por microorganismos ou por **virus** capaces de invadir o noso corpo e de causar unha infección. Algunhas destas enfermidades son **contaxiosas** por tanto pódense transmitir dunha persoa enferma a outras sas.